

## BASES LEGAIS DO CONCURSO DE INSTAGRAM "CAMBIA A HISTORIA"

### 1. ENTIDADE ORGANIZADORA E OBXETO DO CONCURSO.

O concurso denominado "CAMBIA A HISTORIA" forma parte da **Campaña "Agresión OFF. Eu digo non á violencia sexual"**, que organiza o Concello de Baiona, a través da Concellería de Igualdade durante a celebración da Festa da Arribada 2019. A campaña enmarcase no acordo recentemente firmado entre a Vicepresidencia e a Axencia de Turismo de Galicia, e que ten como obxectivo difundir a campaña "Agresión Off. Eu digo non á violencia sexual" tanto nas festas de interese turístico galego, nacional e internacional, como nos festivais acollidos á marca Festgalicia. Este acordo forma parte das medidas postas en marcha ao abeiro do Pacto de Estado contra a violencia de xénero.

A Concellería de igualdade encargou a ÑÓ! ESPAZO CREATIVO, con oficina no nº 43 da Porta do Sol en Sabarís, Baiona e NIF:E-27849595, a organización do concurso "Cambia a historia".

O obxectivo do mesmo é difundir a campaña entre a xuventude a través da rede social Instagram e monitorizar a repercusión da mesma durante a Festa.

ÑÓ! ESPAZO CREATIVO establece as presentes bases legais que rexen a participación no concurso conforme ás estipulacións que a continuación se describen.

### 2. ÁMBITO TEMPORAL DO CONCURSO.

O concurso comeza o venres 1 de marzo de 2019 ás 20:00 h. e remata o luns 4 de marzo ás 12:00 h. do mediodía.

### 3. REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN.

-Contar cunha conta de usuario real pública na rede social Instagram.

-Subir unha fotografía a Instagram no noso photocall ou cos bocadillos con mensaxes da campaña que se difundirá na Festa da Arribada, utilizando os **dous hashtags #cambiaahistoria e #agresiónOFF**. O photocall estará instalado no exterior do punto informativo en materia de violencia de xénero<sup>1</sup> (Rúa Elduayen) e os bocadillos con mensaxes acompañarán aos educadores e educadoras que estarán na Festa da Arribada facendo difusión da campaña no mesmo horario que o da apertura do punto informativo en materia de violencia de xénero.

### 4. LIMITACIÓNS PARA A PARTICIPACIÓN NO CONCURSO.

En ningún caso se admitirán propostas que insten ou promovan a realización de accións que puidesen supoñer prexuízo á integridade física ou moral de calquera persoa. Asimesmo, non

<sup>1</sup> Estará instalado no exterior do punto informativo o venres 1 de marzo a partir das 20:00 h ata ás 2:00 h. do sábado. O sábado 2 de marzo a partir das 20:00 h. ata ás 3:00 h. do domingo. O domingo 3 de marzo a partir das 16:00 h ata ás 21:00 h

poderán participar aquelas fotografías que puideran implicar a realización de declaracións ou manifestacións de carácter político, ideolóxico, relixioso, obsceno, nin que de calquera forma puidesen atentar contra a honra ou a intimidade de terceiras persoas.

A valoración destes supostos corresponderá á empresa organizadora ÑÓ! ESPAZO CREATIVO. As persoas participantes que incumpran o establecido nesta cláusula quedarán excluídas do concurso.

A persoa concursante será a única responsable no caso de que as publicacións vulneren dereitos de terceiras persoas, non asumindo ÑÓ! ESPAZO CREATIVO ningún tipo de responsabilidade ao respecto.

No caso de non ser titular da fotografía publicada, a persoa participante será descalificada.

## 5. O GAÑADOR OU GAÑADORA E PREMIO.

A foto que acade máis likes gañará un smartphone huawei Y6 2018 DS BLACK

\*en caso de empate, gañará a foto que máis comentarios teña.

\*\* en caso de dobre empate, a elección da foto gañadora basearase na imaxe máis acorde co espírito da campaña, baixo criterio da empresa elaboradora desta.

A entidade organizadora porase en contacto co gañador ou gañadora por mensaxe privada a través de Instagram, comunicándolle a súa condición e informándolle os trámites precisos para xestionar a entrega do premio. Nese momento deberá facilitarnos o seu nome completo e DNI para proceder á entrega do mesmo.

En caso de non obter resposta por parte do premiado ou premiada nun prazo dunha semana dende a notificación de que resultou gañador ou gañadora do concurso pola vía establecida, ou rexeitar o premio, entenderase que renuncia expresamente ao mesmo, determinándose, por parte da entidade organizadora un novo gañador ou gañadora. Este procedemento realizarase de forma sucesiva ata a entrega definitiva do premio.

Ao gañador ou gañadora darase a coñecer pola empresa organizadora ÑÓ! ESPAZO CREATIVO e polo Concello de Baiona, a través da súa web e redes sociais e poderán publicar o nome (ou pseudónimo) e fotografía de perfil do gañador ou gañadora, así como un hipervínculo á fotografía gañadora publicada.

En calquera caso, a entidade organizadora non será responsable en caso de que algún dato persoal facilitado polo persoa gañadora resulte falso ou, sendo un dato necesario para a súa identificación e/ou notificación do premio, resultase incorrecto e, polo tanto, non puidese levarse a cabo dita notificación ou identificación.

O premio non será trocable polo seu importe en metálico, nin por ningún outro premio.

## 9. PROTECCIÓN DE DATOS.

A participación no presente concurso, seguindo os pasos establecidos nestas bases, implica a aceptación das mesmas, e en particular do tratamento dos datos que puideran ser necesarios para a elección da persoa gañadora e a entrega do premio.

Dito tratamento será realizado por ÑO!ESPAZO CREATIVO que presta os seus servizos para realizar o presente concurso.

A finalidade deste tratamento será única e exclusivamente a xestión da participación das persoas no concurso, controlando o cumprimento destas bases, a elección do gañador ou gañadora e a xestión para a entrega do premio correspondente. Asimesmo, a persoa premiada do concurso acepta que o seu nome e fotografía de perfil de Instagram poida ser tratados por ÑO! Para a súa publicación en sitios web e redes sociais da súa titularidade e da titularidade do Concello de Baiona ( entidade organizadora da campaña), para vincularlos á fotografía gañadora. En ningún caso os datos serán cedidos a terceiras persoas.

A lexitimación do tratamento basease no interese lexítimo para tratar os datos e que é preciso para a realización do concurso e entrega de premios. Os datos solicitados serán precisos e obrigatorios para a xestión do concurso e entrega do premio, polo que, en caso de non facilitalos, non poderá facerse efectiva a entrega do premio correspondente.

Os datos se conservarán polo tempo preciso ata que remate o concurso e se entregara correctamente o premio.

Os e as participantes e/ou a persoa que resulte gañadora garante que os datos achegados, no seu caso, son verdadeiros, exactos, completos e actualizados, sendo responsable de calquera dano ou prexuízo, directo ou indirecto, que puidese ocasionarse como consecuencia do incumprimento de tal obrigación. A persoa participante poderá exercer en calquera momento os dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación e oposición dos seus datos persoais enviando a súa solicitude por escrito, acreditando a súa identidade, a ÑO! ESPAZO CREATIVO Rúa Porta do Sol, 43 Baixo, CP 36393. Sabarís, Baiona. Cada participante declara e garante que é titular do perfil de Instagram a través do cal participa no Concurso. ÑO! non acepta ningunha responsabilidade derivada da suplantación de identidade a través de perfís en Instagram.

## 10. RESPONSABILIDADES E GARANTÍAS.

A entidade organizadora , así como calquera das entidades relacionadas con este Concurso, non se responsabilizan das posibles perdas, deterioracións, atrasos ou calquera outra circunstancia imputable a terceiras persoas ou a Internet que puidesen afectar á participación no presente Concurso. Así mesmo, non garante a dispoñibilidade, continuidade nin infalibilidade do funcionamento da plataforma de internet utilizada para desenvolver o concurso e, en consecuencia exclúe, na máxima medida permitida pola lexislación vixente, calquera responsabilidade polos danos e prexuízos de toda natureza que poidan deberse á falta de dispoñibilidade, continuidade ou mal funcionamento da devandita plataforma, que puidese afectar ou impedir a participación no presente concurso e/ou o seu normal desenvolvemento. Aínda cando ÑO!ESPAZO CREATIVO comprométese a cumprir coa dilixencia debida as súas obrigas, como entidade organizadora, recollidas nas presentes bases, non será responsable: do mal uso da plataforma de internet por parte dos usuarios e usuarias participantes; dos erros nos contidos e datos que acheguen ; de erros ou fallos técnicos que poidan ocorrer ao procesar as participacións, nin de calquera danos ou prexuízos que puidesen sufrir os usuarios e

usuarias con motivo da participación no presente concurso ou do uso do premio, senón unicamente en canto á súa responsabilidade en relación cos seus propios produtos fronte a consumidores e usuarios. Tampouco será responsable a entidade organizadora do uso que faga o gañador ou gañadora respecto do premio entregado. En todo caso, si se detectase que o premiado ou premiada incorreu en fraude, deshonestidade ou que publicou un contido que non se axusta aos criterios establecidos, a entidade organizadora resérvase o dereito para excluírles ou non entregarlle o premio. Ademais, resérvase o dereito de descartar da participación no concurso a calquera persoa participante da que se sospeite unha actuación irregular, sen necesidade de notificación algunha á mesma. O concurso desenvolverase en Instagram, polo que tódalas persoas usuarias da rede que participen quedan obrigadas a respectar os termos e condicións establecidos polos titulares desta rede social en relación co rexistro e uso da plataforma, así como en relación coa política de privacidade, protección de datos e propiedade intelectual. ÑO!ESPAZO CREATIVO, entidade que organiza o concurso quedará exonerada de calquera responsabilidade derivada dos contidos ou comentarios emitidos polas persoas concursantes a través desta plataforma, xa sexa porque incumplan dereitos de imaxe, dereitos de protección de datos persoais ou dereitos de propiedade intelectual ou industrial de terceiras persoas.

#### **11. ACEPTACIÓN DAS BASES.**

A participación no Concurso, seguindo as instrucións indicadas nas presentes bases, implicarán a aceptación das mesmas por parte de tódalas persoas participantes. O incumprimento de calquera dos termos e condicións incluídos nestas bases dará lugar á descalificación do ou da participante en cuestión no Concurso.

#### **12. CLÁUSULA DE SALVAGARDA.**

En caso de existir dúbidas ou discrepancias na interpretación dalgunha das presentes bases, ou de existir aspectos non contemplados nas mesmas, ÑO! resérvase o dereito de realizar unha interpretación atendendo ao espírito e finalidade do Concurso.

#### **13. MODIFICACIÓN DAS BASES.**

ÑO! resérvase o dereito para efectuar, en calquera momento, modificacións das bases que redunden no bo fin do concurso, tales como, a título enunciativo, pero non limitativo, ampliación do período de vixencia do concurso, inclusión de novos premios, etc. Ditas condicións serán comunicadas as persoas participantes a través dos perfís de ÑO! ESPAZO CREATIVO.

#### **14. EXCLUSIÓN.**

Instagram ou as súas empresas asociadas, non avalan ou administran de modo algún o concurso, nin están asociados a elas de maneira directa ou indirecta. Mediante a aceptación destas bases, as persoas participantes exoneran completamente a Instagram ou as súas empresas asociadas de calquera responsabilidade. Infórmase de que os datos que se soliciten no contexto do concurso serán facilitados a ÑO! e non a Instagram.

#### 15. NOTIFICACIONES.

Calquera persoa participante que teña dúbidas achega do Concurso, poderá poñerse en contacto con ÑO! a través da dirección Rúa Porta do Sol, nº43. Baixo. CP36393. Sabarís, Baiona.

#### 16. LEGISLACIÓN APLICABLE E XURISDICCIÓN.

O presente Concurso réxese pola lexislación i española. Calquera controversia que xurda entre ÑO!ESPAZO CREATIVO e os participantes e que se derive, directa ou indirectamente, das presentes bases, quedará sometida ás regras de xurisdición que resulten aplicables de conformidade coa normativa vixente en materia de consumidores e usuarios.

